

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

10144 *Real decreto 836/2015, do 21 de setembro, polo que se modifica o Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

Os militares de tropa e mariñeiría, cuxo réxime está regulado na Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, ascenden aos empregos de cabo e cabo primeiro con ocasión de vacante e polos sistemas de concurso ou concurso-oposición. Esta mesma lei establece que regulamentariamente se determinarán os requisitos e circunstancias exixibles.

No Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, establecéronse as condicións previas, así como o procedemento e número máximo de convocatorias para o ascenso.

Este regulamento fixa o sistema de concurso ou concurso-oposición para o ascenso a cabo e o de concurso-oposición para o ascenso a cabo primeiro, e limita a tres convocatorias por emprego o número máximo a que se pode optar.

Mediante a presente modificación normativa auméntase o número máximo de convocatorias para o ascenso a cabo e cabo primeiro de tres a catro, coincidindo co número máximo de ciclos para que un militar deixe de ser avaliado para o ascenso a determinados empregos noutras escalas e, consecuentemente, iguálanse as condicións de promoción e desenvolvemento de carreira de todos os militares profesionais. Ademais, esta modificación supón unha vantaxe engadida na xestión do persoal de tropa nos exércitos, ao elevar a competitividade nas convocatorias para o ascenso a estes dous empregos, o que redunda nunha mellor selección do persoal que opta ao ascenso.

Durante a súa tramitación, sobre este real decreto emitiron informe as asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento dela ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, o Consello de Persoal das Forzas Armadas emitiu informe.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro.*

Modifícase o número 8 do artigo 16 do Regulamento de avaliacións e ascensos nas Forzas Armadas e sobre o acceso á condición de militar de carreira de militares de tropa e mariñeiría, aprobado polo Real decreto 168/2009, do 13 de febreiro, que queda redactado do seguinte modo:

«8. O número máximo de convocatorias a que se poderá optar para ascender a cabo e cabo primeiro será de catro por emprego. Non se consome convocatoria se o aspirante comunica a súa renuncia expresa a participar nela con anterioridade á publicación dos resultados do concurso ou, tratándose dun concurso-oposición, antes da publicación dos resultados da fase de concurso.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,
PEDRO MORENÉS EULATE